



# PLAN DOE

ELABORACIÓN:  DOE	REVISIÓN:  DOE	APROBACIÓN:  EDE
Data: Setembro 2023	Data: Setembro 2023	Data: Setembro 2023 Acta 4
Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.		

## Índice:

1. Introducción .....	3
a. A orientación no marco legislativo.	
b. Marco legislativo	
2. Xustificación baseada no contexto.....	5
3. Obxectivos:.....	5
a. Xeral.	
b. Específicos.	
c. Segundo os ámbitos de traballo.	
4. Composición do Departamento de Orientación.....	7
a. Membros do Departamento de Orientación.	
b. Especialistas do Departamento de Orientación.	
5. Coordinación entre os compoñentes do Departamento de Orientación.....	8
a. Titores.	
b. Mestres das distintas etapas.	
i. Asignados polo EDE.	
ii. Mestres con liberación horaria.	
iii. Mestres de materia.	
c. Coordinadores de etapa.	
d. Orientadores e especialistas AL e PT.	
6. Funcións do Departamento de Orientación.....	9
7. Planificación xeral das actuacións do Departamento de Orientación.....	10
a. Plans Xerais.	
i. PAT.	
ii. PXAD (Talleres).	
iii. POAP.	
iv. Programación aula de Educación Especial.	
8. Proxectos ou programas nos que participa o DOE.....	12
9. Actividades promovidas polo Departamento de Orientación.....	12
10. Avaliación.....	13

## 1. Introducción.

### 1.1 A Orientación no marco legislativo.

A Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio (LOMCE), no seu **preámbulo** establece que *só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades* e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno desenvolva o máximo das súas potencialidades, por outro lado, no seu **artigo 1**, establece que a orientación educativa e profesional debe ser un dos principios da actividade educativa como medio necesario para o logro de unha formación personalizada. No seu **artigo 91** establece a colaboración co profesorado na función orientativa e, na **Disposición final primeira**, o dereito do alumnado a recibir orientación académica e profesional. Por último, no **Título II**, Equidade da Educación, remarca a especial atención que dentro da ensinanza obrigatoria han de ter as medidas de atención á diversidade para, por medio da atención específica ao alumnado con especiais dificultades e á dotación de recursos adecuados acadar unha atención óptima deste alumnado. A Orde de 24 de xullo de 1998 que desenvolve o Decreto 120/1998, de 28 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, garante que a orientación forme parte esencial da actividade educativa a través dos departamentos de orientación e dos equipos de orientación específicos.

Estas leis, xunto coa LOMLOE e o desenvolvemento legislativo en materia de atención á diversidade, van ser, o marco no que se intenta inscribir este Plan de Orientación para o curso presente.

A LOMLOE entra en vigor o día 19 de xaneiro de 2021, co seguinte calendario de implantación:

#### 1. Á entrada en vigor aplicaranse modificacións relativas a:

- Participación e competencias do Consello Escolar Claustro e director ou directora.
- Autonomía dos centros docentes.
- Selección do director ou directora nos centros públicos.
- Admisión de alumnos.
- Nova regulación da avaliación e promoción de todas as etapas.
- Novas condicións de titulación de Educación Secundaria Obrigatoria, ciclos formativos de grado básico e bacharelato.
- Titulación das ensinanzas profesionais de Música e Danza.

- Condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.
2. A inicio do pasado curso 2022-2023, aplicáronse:
- Modifícase o currículo, organización e obxectivos de 1º, 3º e 5º EP, 1º e 3º de ESO e 1º Bac.
3. Neste curso escolar 2023-2024, aplicaranse:
- Modifícase o currículo, organización e obxectivos de 2º, 4º e 6º EP, 2º e 4º de ESO e 2º Bac.
  - Acceso e admisión a la Universidade.
  - Avaliación de diagnóstico en 4ºEP e 2ºESO.

## 1.2 Marco legislativo.

O marco legislativo a ter en conta para desenrolar a presente programación é o seguinte:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembre, para la **mellora de la calidade educativa**.
- Lei Orgánica 2/2006 de **ordenación da educación**.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se **regula a orientación educativa e profesional** na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a **organización funcionamento da orientación educativa e profesional** na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación Educativa e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan **instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional** das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 8/2009 **Atención a diversidade para o alumnado de ESO**.
- Decreto 229/2007 **atención á diversidade**.
- Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 pola que se regula a atención á diversidade.
- Decreto 86/2015 de **currículum de educación secundaria** e bacharelato en Galicia
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-07-09).

- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 374/1996 de 17 de outubro** (DOG 21), Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e CEIPs.

## 2. Xustificación baseada no contexto.

A programación, que a continuación se presenta, ten como finalidade a de establecer as actuacións que se levarán a cabo no presente curso escolar 2023-2024, por toda a comunidade educativa e máis concretamente polos membros do Departamento de Orientación. Para a súa confección tivemos en conta: a lexislación vixente, o proxecto educativo do noso centro e o contexto no se desenvolve a nosa acción educativa.

En canto ao contexto, temos que ter en conta que o noso centro encóntrase situado no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, colindante co barrio dos Rosales. Temos como núcleos de poboación máis achegados os constituídos polos barrios de Labañou, Cidade Escolar e “ Los Rosales”. Esta referencia xeográfica vese ampliada á hora de analizar a zona de influencia tendo que ter en conta os barrios do Ventorrillo, San Pedro de Visma e San Roque.

## 3. Obxectivos:

### a) Xerais.

- Establecer as liñas de actuación do Departamento de Orientación seguindo o lema do presente curso “Peregrinos de Esperanza”.
- Prever as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a.

### b) Específicos.

- Elaborar, facer o seguimento e recoller a avaliación do Plan de Acción Titorial.
- Diseñar, intervir e avaliar o Plan Xeral de Atención a Diversidade.
- Diseñar, intervir e avaliar o Programa de Orientación Académico e Profesional.
- Diseñar, intervir e avaliar a Programación da aula de Educación Especial.
- Asesorar ás familias e ao profesorado.
- Manter contacto con outros estamentos externos ao centro en aras de obter e proporcionar información e coordinar o traballo con outros profesionais.

c) Segundo os ámbitos de traballo.

➤ **Actuacións respecto ao alumnado:**

1. **Realizar avaliacións psicopedagóxicas.** Seguirase o protocolo elaborado polo DOE seguindo as directrices marcadas pola orde do 8 de setembro. A avaliación psicopedagóxica será responsabilidade da Xefatura do DOE en colaboración cos orientadores de cada etapa educativa e, poderá ser solicitada, a través do protocolo de demanda, polos titores, familias, dirección, Administración Educativa a través da secretaría do centro.
2. **Asesoramento e apoio** puntual e individual, segundo as demandas e necesidades que presenten nalgún momento.
3. **Recollida de información inicial** que permita unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades, coa finalidade de planificar e priorizar as actuacións educativas.

➤ **Actuacións respecto ás familias:**

- Diseñar e desenvolver accións que promovan a **cooperación das familias implicándoas no proceso de formación persoal e educativo** dos seus fillos mediante dous tipos de actuacións:
- Realización de entrevistas individuais, como medio de intercambio de información sobre o proceso educativo e relacional dos seus fillos, co obxectivo de colaborar no seguimento e apoio do proceso educativo e na orientación sobre o seu futuro académico e laboral, así como sobre temas específicos da educación dos seus fillos que lles preocupen.
  - Proporcionar asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades.

➤ **Actuacións respecto ao centro:**

1. Asistir ás reunións de avaliación do alumnado.
2. Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica(C.C.P.)
3. Asesorar sobre as medidas de atención á diversidade e participar na revisión e/ou elaboración dos documentos do centro.

4. Asesorar e ofrecer recursos que fomenten a tolerancia e a mellora da convivencia nas aulas e no centro.
5. Colaborar na avaliación da progresión na aprendizaxe do alumnado e criterios de promoción, propostas de planificación e fomento da orientación profesional no centro.
6. Avaliar e propoñer propostas de mellora dos documentos de planificación e xestión do centro.

#### 4. Composición do Departamento de Orientación

A orde que regula a composición do Departamento de Orientación é o **Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**.

##### a. **Membros do Departamento de Orientación:**

- i. Titores. Todos os titores pertencen ao Departamento, xa que desenvolven na súas aulas o Plan de Acción Titorial, sendo eles a primeira liña de actuación en canto a Orientación Educativa.
- ii. Profesorado de distintas materias e etapas educativas. Neste apartado debemos ter en conta a separación que se establece entre os mestres que colaboran activamente en iniciativas para dar resposta ás necesidades do noso centro e aqueles que participan no intercambio de información. Polo tanto, establecemos dos subgrupos:
  1. **Profesorado con liberación horaria**. Pertencen de xeito activo ao Departamento de Orientación, xa que desenvolven certas medidas de atención á diversidade como o Reforzo Educativo. Este profesorado depende da Dirección de Etapa.
  2. **Profesorado**. Todos os mestres do centro, xa que a atención á diversidade é unha tarefa de todos. Os mestres son os primeiros en detectar as dificultades e atendelas. Se as súas actuacións non son suficientes, son os encargados de derivalos ao Departamento de Orientación para facer unha avaliación máis en profundidade.

- iii. Coordinadores. Tal e como se especifica no decreto 120/1998, forman parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- iv. Especialistas. As especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica son as encargadas de atender, a través de programas de intervención, as N.E.A.E. e as N.E.E. nas etapas de E.I e E.P.
- v. Especialista encargada da aula de Educación Especial (EE). O centro conta cunha aula de educación especial, que ten como finalidade principal a escolarización obrigatoria de alumnado que pola gravidade ou permanencia das súas necesidades educativas, requira recursos ou atencións que non poden proporcionarse en contextos ordinarios. Nesta aula, actualmente, contamos cunha especialista AL.
- vi. Orientadora EI e EP. Avalía as necesidades dos alumnos de EI e EP e determina pautas de actuación a seguir con eles. Como xefa do departamento, coordina todas as actividades que se especifican no presente programa e traballa en aras da mellor atención dos alumnos con N.E.A.E. y N.E.E. do centro a través dos distintos programas.
- vii. Orientador ESO e Bacharelato. Avalía as necesidades dos alumnos de ESO e Bacharelato, e determina pautas de actuación a seguir con eles. Deseña e desenvolve o POAP e coordina as actuacións encamiñadas á mellora da convivencia.

**b. Especialistas do Departamento de Orientación.**

- i. Especialista en Audición e Linguaxe.
- ii. Especialista en Pedagogía Terapéutica.
- iii. Coordinadora de aula de E.E.
- iv. Xefatura DOE e Orientadora Infantil y Primaria.
- v. Orientador Secundaria e Bacharelato.

**5. Coordinación entre os compoñentes do Departamento de Orientación.**

- a. Titores. Para a coordinación do DOE cos titores establecerase:

Ao inicio do curso, mantense unha **reunión cos profesores de todas as etapas (o día 4/9/24)**, na que se expón a información relativa ao Departamento de Orientación. A documentación e os aspectos tratados nesta reunión están a disposición do profesorado na carpeta compartida polo claustro, dentro do Departamento de Orientación.



A comunicación e coordinación do traballo con todos os membros do claustro, realizarase vía Educamos, como ata agora.

Recordarase aos equipos docentes que soliciten información do alumnado atendido polo DOE previa as titorías coas familias.

b. Mestres das distintas etapas.

i. Mestres con liberación horaria. Os mestres encargados do Reforzo Educativo seguen as directrices programadas **no Plan de Reforzo Educativo** do centro. No caso dos profesores que desempeñan a súa labor no centro, esta céntrase na actuación directa ao alumnado con N.E.A.E seguindo o protocolo establecido polo Plan Xeral de Atención a Diversidade.

ii. Mestres de materia. O protocolo de actuación reflíctese no PXAD, a través dunha folla de derivación onde se describen as dificultades que presenta o alumno derivado.

c. Coordinadores de etapa. As reunións cos coordinadores de etapa teñen lugar en forma de Comisión de Coordinación Pedagóxica, e divídense en etapas. Primeiro ten lugar a de EI e EP, á que asiste a orientadora de EI e EP, e despois a de ESO e Bacharelato, á que asiste o orientador de ESO e Bacharelato. Tamén realízase semanalmente, os luns, unha reunión co equipo directivo.

d. Xefatura do DOE / Orientadora Infantil e primaria, orientador ESO / BAC, coordinadora da aula de educación especial e especialistas AL e PT. Marcáronse dúas horas semanais para a coordinación do DOE nas que se levantará acta. As reunións, na medida do posible, realizaranse o xoves de 15:00h a 17:00h.

## 6. Funcións do Departamento de Orientación.

As funcións do Departamento de Orientación veñen reguladas na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*. Na citada orde regúlanse as funcións do seguinte xeito:

- Funcións do Departamento de Orientación na ESO (artigo 5º).
- Funcións da Xefatura do Departamento de Orientación (artigo 6º).
- Funcións das especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (artigo 7º).

- Funcións do Departamento de Orientación en Infantil e Primaria (artigo 10º).
- Funcións da Xefatura do Departamento de Orientación en infantil e Primaria (artigo 11º).

## 7. Planificación xeral das actuacións do Departamento de Orientación.

No mes de setembro realizamos toda a documentación relacionada co Departamento de Orientación. Ao longo do curso desenvolveremos todas actuacións descritas nos distintos plans xerais.

- Plan de Acción Titorial (PAT).
- Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).
- Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP).
- Programación da aula de Educación Especial.
- Programación das aula AL e PT.

<b>Actuacións</b>	<b>Responsable</b>	<b>Temporalización</b>
Constitución DOE.	Coordinadora DOE	Setembro
Elaboración do Plan del Departamento de Orientación Educativa .	DOE	Setembro
Elaboración do PAT.	Orientadores	Setembro
Elaboración do POAP.	Orientador ESO/BAC	Setembro
Elaboración do PXAD.	DOE	Setembro
Reunión informativa cos equipos docentes.	Orientadores	Setembro
Colaborar no período de adaptación de EI.	Especialistas AL e PT	Setembro
Acudir as reunións de cambio de información.	DOE	Setembro
Xestión da documentación necesaria para as Becas.	Orientadores	Setembro
Acudir ás reunións de inicio de curso cos pais.	Orientadores	Setembro
Actualizar la lista de NEAE.	Orientadores	Setembro
Avaliación inicial das dificultades.	DOE	Setembro/Outubro
Elaboración dos informes de avaliación de dificultades.	Orientadores	Ao longo do curso

Elaboración de Programas de intervención individualizados.	Especialistas AL e PT	Ao longo do curso
Elaboración dos horarios provisionais das especialistas AL e PT.	DOE	Setembro/Outubro
Aprobación dos horarios definitivos das especialistas AL e PT.	DOE	Setembro/Outubro
Elaboración de recursos para atender ás dificultades de aprendizaxe.	Especialistas DOE Aula EE.	Ao longo do curso.
Solicitud dos test ao ICCE.	Coordinadora DOE	Outubro/novembro
Cumprimentar DRDADI e DRDESPE.	Xefatura do DOE	Novembro/décembro
Aplicación das probas psicopedagógicas.	DOE	Décembro
Desenvolvemento de talleres e programas .	DOE	Ao longo do curso
Realización das avaliacións psicopedagógicas e dos informes correspondentes.	Xefatura do DOE Orientador/a de etapa.	Ao longo do curso.
Asesoramento e colaboración na realización de AC.	Orientador/a de etapa.	Ao longo do curso.
Levar a cabo as reunións con todos os membros do DOE.	Xefatura do DOE	Todos os xoves de 15:00 a 17:00h.
Acudir as xuntanzas de avaliación dos diferentes cursos.	DOE	Ao longo do curso.
Asesoramento a toda a comunidade educativa.	DOE	Ao longo do curso.
Colaboración con entidades externas para o desenvolvemento de programas específicos: ONGs, USC, Asociacións...	DOE	Ao longo do curso.
Colaboración e coordinación cos equipos externos de apoio: Servizos Sociais, especialistas externos...	DOE	Ao longo de curso.

Entrevista ao alumnado de nova incorporación nas etapas de EP, ESO e BAC.	Orientadores	Ao longo do curso.
Elaboración de informes de seguimento trimestral dos reforzos pedagóxicos.	Especialistas AL e PT	Trimestral
Elaboración dos informes de seguimento das AC.	Aula EE Profesores de materia	Trimestral
Elaboración do informe de AC .	Xefatura do DOE en colaboración cos orientadores de etapa	Ao longo do curso.
Preparación da Semana Vocacional.	Grupo de traballo de Convivencia e Pastoral	Marzo
Colaborar na promoción da convivencia e resolución pacífica dos conflitos.	DOE	Ao longo do curso
Participar na xornada de portas abertas.	DOE	Febreiro
Colaborar na Feira Solidaria.	DOE	Maio
Participar nas titorías coas familias.	DOE	Ao longo do curso.
Elaborar a memoria DOE.	Xefatura do DOE	Xuño/Xullo

Nota. As actividades do DOE poderán ser obxecto de modificación ao longo do curso.

## 8. Proxectos ou programas nos que participa o Departamento de Orientación.

- a. Distintas campañas promovidas polo Departamento de Pastoral e do DAS do Centro (Calasanz, Semana Vocacional...).
- b. Asesoramento no Plan de Convivencia do Centro, e coordinación do mesmo.
- c. Colaboración con asociacións e/ou fundacións (Artefíos, Down Coruña...) que redunden na sensibilización coa diversidade e coa inclusión.
- d. Colaborar no programa de radio “A fume de carozo” promovido polo EDLG.

## 9. Actividades promovidas polo Departamento de Orientación.

- a. Taller de expresión oral.
- b. Programa para o alumnado con AACC (EP, ESO)

- c. Programa de Técnicas de estudo (EP, ESO).
- d. Programa de apoio social para ESO y BAC.
- e. Programa de HHSS (EP,ESO)
- f. Programa Test (EP, ESO)

#### **10. Avaliación.**

Avaliarase a presente programación na memoria final do curso seguindo as directrices que marca a lexislación vixente. *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo decreto 120/1998.*